



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CINCO DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expediente: 2021/G010/000010

Valdoviño, 05 de agosto de 2021. Hora: 20:00

Lugar: Edificio Casa da Cultura de Valdoviño

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria de carácter mensual, para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PSdeG- PSOE:

Alberto González Fernández

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Germán Gómez Senra

M^o Pilar Caamaño Vilela

PP:

Javier Bouzamayor Casas

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Disculpan a inasistencia os/as concelleiros/as Alejandro Antonio García Sousa, Ana Belén Pérez Fernández (PsdeG-PSOE) e don Carlos Alberto Ameneiros Serantes (BNG). Asistidos da secretaria municipal Carlota González Navarro.

A celebración da sesión no edificio Casa Cultura por razóns de Covid-19 i en especial para salvaguardar as medidas de seguridade en canto a distancia establecidas de acordo cos decretos 178/20 e 179/20 da Presidencia da Xunta de Galicia e na Orde de 4.11.20 da Consellería de Sanidade.

Abre a sesión o Presidente ao existir quorum, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DE SESIÓN DE 21.06.21 (EXTRAORDINARIA E URXENTE) E 01.07.21 (ORDINARIA).-

Por votación ordinaria e unanimidade dos presentes, os borradores das actas mencionadas quedan aprobadas.

2º.- APROBACIÓN E RENDICIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2020.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN:

“Vista a Conta Xeral do exercicio 2020, xunto con toda a documentación anexa, formada segundo a lexislación vixente,

Tendo en conta que esta foi sometida a informe da Comisión Especial de Contas con data 21 de xuño de 2021,

Visto que a mesma foi exposta ao publico no BOP nº 102 de 2 de xuño de 2021 para que os/as interesados/as puidesen presentar reclamacións, reparos ou observacións, sen que se formulase ningunha.

De conformidade co disposto no artigo 22.2 e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, proponse ó Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2020.

Segundo.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde,

Asdo.: D. Alberto González Fernández “

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

3º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN OBRA: FASE III: AMPLIACIÓN DE EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN:

“Exppte. 2021/C003/000002

Visto o expediente relativo á contratación da obra da FASE III: AMPLIACIÓN DE EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO,

Visto que o Pleno da Corporación en sesión de 21.06.21 aprobou o expediente de contratación por Procedemento Aberto, tramitación ordinaria, e se sacou a licitación publicándose anuncio na Plataforma de Contratos do Sector Público en data 29.06.21 para a presentación de proposicións rematando o prazo o 19.07.21.

Habida conta de que comprobado na pestaña de licitadores da dita Plataforma non consta proposición algúnha presentada ao efecto.

Considerando o disposto no artigo 151.3 do TRLCSP, no que se dispón que non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego, deducíndose “a sensu contrario” que si poderá declararse deserta unha licitación cando no exista ningúnha oferta.

Esta Alcaldía, PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Declarar deserto o procedemento de adxudicación do contrato da FASE III: AMPLIACIÓN DE EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO, por falta de presentación de ofertas no prazo establecido.

Segundo.- Dispoñer a continuación da tramitación do expediente, con apertura de novo prazo para a presentación de ofertas.

Non entanto, o Pleno da Corporación acordará o que considere máis convinte. Documento asinado á marxe polo alcalde.”

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede

FÓRA DA ORDE DO DÍA

O Sr. alcalde, via urxenza, somete a consideración do pleno a declaración institucional sobre os discursos de odio da que a Deputación Provincial da Coruña remitiu certificadaíón de adopción da mesma a fin de que as institucións públicas (estatais, autonómicas e municipais) poidan sumarse.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión ratifica a urxenza e a inclusión deste asunto coma punto Fóra da Orde do Día desta sesión.

.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE OS DISCURSOS DE OIDO.-

Dáse conta da dita declaración remitida pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, do seguinte contido literal:

“Declaración Institucional sobre os discursos de odio

Os discursos de odio poden definirse como calquera forma de comunicación de palabra, por escrito ou a través do comportamentos, que constitúan un ataque, utilizando unha linguaxe pexorativa ou discriminatoria por razón de relixión, orixe étnico, nacionalidade, raza, cor, clase social, sexo, xénero ou calquera outro factor de identidade.

É obvio que os discursos de odio teñen a súa orixe na intolerancia, na non aceptación da diferenza, e que repercuten negativamente no clima social e polo tanto teñen consecuencias: non son inocuos, polo que afectan gravemente á convivencia.

Debemos polo tanto rexeitar o preocupante incremento que vemos nos últimos anos dos delitos contra a integridade das persoas, baseados no sinalamento excluínste da diferenza, e

que moitas veces, atopan amparo ou teñen orixe nos discursos de organizacións políticas, sociais ou persoeiros públicos.

A protección dos dereitos humanos, a prevención da violencia e a loita contra todo tipo de violencias e discriminacións, precisa dun compromiso claro por parte de todas as forzas políticas no rexeitamento, na non xustificación e por suposto na non utilización dos chamados discursos de odio.

Polo tanto a loita pola igualdade, por conseguir unha sociedade máis xusta, inclusiva, diversa e tolerante, non será posible se non erradicamos do debate social e político os discursos de odio.

Tendo en conta o exposto, os grupos provinciais propoñemos

1. Que dende todos os grupos políticos da Deputación se faga de xeito unánime á firme condena de todo tipo de atentados contra a vida das persoas, sen cuestionar, amparar ou xustificar as circunstancias persoais das vítimas.
2. Condenar e rexeitar os discursos que pola súa natureza ou contido alentan a discriminación ou trato diferenciado por razón de sexo, xénero, raza, procedencia, etnia, posición social, etc. e que poden contribuír á xustificación de actitudes sexistas, homófobas, xenófobas, etc que non deben ter cabida na nosa sociedade.
3. Promover que en cantos programas, actos, campañas que dependan directamente da Deputación Provincial, conteñan valores compatibles coa igualdade, o respecto á diferenza e á diversidade.
4. Dar traslado de esta declaración ao resto de institucións públicas de carácter estatal, autonómico e municipal, a fin de que poidan sumarse á mesma e atallar entre todas a proliferación dos discursos de odio na esfera pública.

O Pleno da Corporación de Valdoviño, por unanimidade dos asistentes á sesión, sumouse á declaración institucional.

II) PARTE DE ACTIVIDADE DO PLENO

4º.-DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XUÑO DE 2021.

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de xuño de 2021, que comprenden do número 321 ao 393 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

Os/as concelleiros/as tomaron coñecemento da resolucións da Alcaldía.

5º.- DAR CONTA DE PERÍODO DE PAGO E INFORME DE MOROSIDADE DO 2º TRIMESTRE DA ANUALIDADE 2021.-

Dáse conta aos presentes do informe sobre cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello de Valdoviño, previsto na Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, durante o 2º trimestre do ano 2021; do seguinte resume:

1.- Facturas ou documentos xustificativos pagados durante o trimestre:

| | PMP (Días) | DENTRO DO PERÍODO LEGAL DE PAGO | FORA DO PERÍODO LEGAL DE PAGO |
|------------------|------------|---------------------------------|-------------------------------|
| Nº DE OPERACIÓNS | | 711 | 4 |
| IMPORTE TOTAL | 28,42 | 730.996,99 € | 34.152,63 € |

2.- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre (artigo 4.3 da Lei 15/2010):

| | PMP (Días) | DENTRO DO PERÍODO LEGAL DE PAGO | FORA DO PERÍODO LEGAL DE PAGO |
|------------------|------------|---------------------------------|-------------------------------|
| Nº DE OPERACIÓNS | | 87 | 3 |
| IMPORTE TOTAL | 39,22 | 275.972,31 € | 0,00 € |

3.- Intereses de demora pagados durante o trimestre:

Nº total de operacións: 0.

Importe total: 0

A Corporación tomou razón do informe antedito.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

Sendo as vinte e unha horas e trinta minutos, a sesión queda levantada polo Alcalde-Presidente; e estendese a presente acta que como Secretaria, CERTIFICO.

/Documento asinado electrónicamente pola secretaria municipal e polo alcalde/